

The image is a vibrant cover for a 2023 school scientific calendar. It features a central circular window showing a cosmic scene with a nebula and stars. This window is surrounded by a teal border filled with a dense pattern of scientific icons. The entire design is framed by white, scalloped-edged clouds.

**2023**  
**CALENDARIO**  
**CIENTÍFICO**  
**ESCOLAR**

L 26

M 27

Mé 28

X 29


V 30

S 31

D 1



1962 | Nace a informática e programadora Alexia Massalin. É pioneira no concepto de superoptimización, o proceso de atopar automaticamente a secuencia de código óptima para eliminar bucles.



1822 | Nace o físico e matemático Rudolf Clausius. Entre outras achegas, estableceu as ideas básicas da segunda lei de la termodinámica e introduciu o concepto de entropía.



2013 | Falece a bioquímica Marianne Grunberg-Manago. Descubriu a ARN-polimerase (xunto a Severo Ochoa), un achado clave no desenvolvemento da xenética.



1339 | Nace Muhammed V de Granada, fundador do Maristán Nazari. Neste hospital acolíanse enfermos pobres e ensinábanse e púñanse en práctica a medicina e farmacoepa andalusi.



2018 | Falece a limnóloga e zoóloga Armonia S. Alonso. Foi coautora do libro de referencia para o estudo dos peixes de augas continentais na Arxentina *Los peces argentinos de agua dulce*.



1795 | Nace o químico Anselme Payen. É especialmente coñecido por descubrir o primeiro enzima e mais polos seus traballos sobre a celulosa e o papel.



1539 | Nace o lexicógrafo e escritor Sebastián de Covarrubias. Publicou o *Tesoro de la lengua castellana o española*, que foi o primeiro diccionario monolingüe dunha lingua vulgar en Europa.



1917 | Nace a bioquímica e endocrinóloga Sylvia Agnes Sophia Tait. Xunto a James Francis Tait, descubriu a hormona aldosterona, que afecta ao sodio e ao potasio e axuda a regular a presión arterial.



1858 | Nace a botánica Elizabeth Gertrude Britton. Contribuíu ao coñecemento da brioloxía, rama da botánica dedicada ao estudo dos musgos, as hepáticas e as antocerotas.



1916 | Nace o bioquímico Sune Karl Bergström, Premio Nobel de Fisioloxía, xunto a Bengt Samuelsson e John Robert Vane, por descubrir as prostaglandinas e outras substancias activas biolóxicas.



1787 | William Herschel descobre Titania e Oberón, dúas lúas de Urano.




1934 | Nace a farmacéutica María Elisa Álvarez Obaya. Nunha modesta farmacia en Haría (Lanzarote) realizou as primeiras análises grazas ás que se destacou «o caso do metílico».



915 | Nace o califa al-Hakam II. Impulsou as ciencias e fundou unha biblioteca que constituíu un importante centro de tradución e difusión de obras e saberes da antigüidade grecolatina en Al-Andalus.



1937 | Nace a limnóloga M. Ann Chapman. Foi a primeira muller en liderar unha expedición científica á Antártida. O lago Chapman na Antártida foi nomeado así en homenaxe a ela.



1918 | Nace a física e matemática Sheila Tinney. Investigou retículos cristalinos, mecánica ondulatoria, electrodinámica cuántica, radiación cósmica e teoría de mesóns.



# 16



1918 | Nace a física Inga Fischer-Hjalmars. Foi unha das persoas pioneiras en aplicar a mecánica cuántica para solucionar problemas en química teórica.



# 17



1706 | Nace o científico e político Benjamin Franklin. Dedicou a súa investigación principalmente ao estudo dos fenómenos eléctricos. O pararraios foi un dos seus moitos inventos.



# 18



2007 | María Teresa Miras Portugal convértese na primeira muller que preside unha real academia en España. Estudou os receptores de nucleótidos e a súa repercusión en doenzas neurodexenerativas.



ImmunOmedia

# 19



1963 | Nace Alfredo Corell, investigador en inmunoxénética e histocompatibilidade. Foi premiado polo seu gran labor en divulgación e innovación docente, as cales enlaza no seu proxecto Immunomedia.



# 20



2000 | Inaugúrase o Centro de Investigación do Cancro (centro mixto da Universidade de Salamanca-CSIC). Desenvolve investigación de bioloxía molecular, translacional e clínica do cancro.



# 21



1912 | Nace o bioquímico Konrad Block. Descubriu como o corpo humano sintetiza o colesterol.



# 22



1945 | Nace a xeóloga Caridad Zazo Cardaña. Dedicou a súa actividade investigadora á xeoloxía e xeomorfoloxía litoral do Plioceno e Cuaternario.

ehtesab

# 23



1995 | Nace Sarah Wahedi. Fundou Ehtesab, unha aplicación colaborativa que informa dos ataques, bombardeos e bloqueos que ocorren en Afganistán, o cal lle permite á poboación pórse a salvo.



# 24



1904 | Nace a física Berta Karlik. A súa contribución máis salientada foi o descubrimento de que o astato é un produto de procesos de decaemento naturais.



# 25



1900 | Nace o xenetista Theodosius Dobzhansky, un dos pais do neodarwinismo ou teoría sintética da evolución. Dixo: «Nada ten sentido en bioloxía se non é á luz da evolución».



# 26



1823 | Falece o inmunólogo Edward Jenner. Logrou a primeira vacina da historia, concretamente contra a variola.



# 27



1972 | Comeza a fabricación de Magnavox Odyssey, a primeira videoconsola da historia. Foi desenvolvida por Ralph Baer, alcumado o pai dos videoxogos.



# 28



1903 | Nace a cristalógrafa Kathleen Lonsdale. Estableceu a estrutura do benceno por métodos de difracción de raios X (1929) e do hexaclorobenceno por métodos espectrais de Fourier (1931).



# 29



1886 | O enxeñeiro e inventor alemán Karl Benz solicita a patente do primeiro automóbil con tracción por gasolina da historia. O vehículo, de tres rodas, exhibese no Museo Alemán de Múnic.



# 30



1957 | Úsase por primeira vez un marcapasos cardíaco artificial portátil, un dispositivo externo conectado co corazón, desenvolvido por Walton Lillehei e o seu equipo na Universidade de Minnesota.



# 31



1896 | Nace a matemática Sofia Aleksandrovna Janovskaja. Traballou na filosofía, lóxica e historia das matemáticas. Escribiu sobre a xeometría de René Descartes, as matemáticas exipcias e os paradoxos de Zenón de Elea.



EVENTO DO MES

## ANO INTERNACIONAL DAS CIENCIAS BÁSICAS PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas promulgou 2022 como **Ano Internacional das Ciencias Básicas para o Desenvolvemento Sostible** (*International Year of Basic Sciences for Sustainable Development*). Por iso, desde xaneiro dese ano ata xuño de 2023, organizacións de todo o mundo levan a cabo actividades para subliñar a importancia das ciencias básicas. O obxectivo é concienciar sobre a necesidade da investigación básica e a cooperación científica para un desenvolvemento equilibrado, sostible e inclusivo do planeta.

<https://www.iybssd2022.org/es/inicio/>

L 30

M 31

Mé 1



1866 | Nace a enfermeira Agda Meyerson. Foi pioneira da súa profesión e activista para mellorar a formación, o salario e as condicións de traballo en enfermaría.

X 2



2005 | Descubren o primeiro río de leite de lúa nunha cova do val de Aizarna (Guipúscoa). Esta substancia branca e cremosa, composta por cuarcita, ten usos farmacéuticos e cosméticos.

V 3



1918 | Nace a glacióloga Moira Dunbar. Foi a primeira muller en realizar unha investigación científica en barcos rompexeo canadianos.

S 4



1922 | Nace a paleontóloga afeccionada Joan Wiffen. Entre outros, descubriu ósos dun titanosaur, un terópodo, un hipsilofonte, un pterosauro, un anquilosauro, mosasauros e plesiosauros.

D 5



1505 | Primeira impresión do dicionario árabe-castelán de Pedro de Alcalá. Foi o primeiro libro impreso con caracteres árabes e resulta chavare con conecer con precisión o dialecto andalusi.

6




1886 | O químico Clemens Winkler descubriu o xermanio. Illoouno e identificou a partir do mineral de arxirodita procedente da mina de prata de Himmelsfürst (Alemaña).

7



1918 | Nace a xenetista Ruth Sager. Foi pioneira no campo da xenética citoplasmática. Descubriu a transmisión non cromosómica dos trazos xenéticos.

8



1943 | Nace a analista de datos Valerie Thomas. Inventou o coñecido como *transmisor de ilusións*, que reproduce imaxes de forma remota utilizando espellos parabólicos e foi adaptado para a cirurxía e o cinema 3D.

9



1854 | Nace a médica Aletta Henriëtte Jacobs. Foi pioneira en planificación familiar: no ano 1881 realizou o primeiro estudo sistemático da anticoncepción.

10



1840 | Nace o químico e xeólogo Per Teodor Cleve. Descubriu os elementos holmio e tulio. Tamén concluiu que o didimio era en realidade unha mestura de dous elementos: o neodimio e o praseodimio.

11




2005 | Investigadores argentinos fan público o achado do primeiro xacemento de ovos de dinosauro con embrións no seu interior, localizado na Patagonia.

12



1921 | Nace a programadora Kathleen McNulty Mauchly Antonelli. Foi unha das seis programadoras orixinais de ENIAC, a primeira computadora dixital electrónica de propósito xeral.

13



1880 | Thomas Edison observa a emisión termoiónica, o fluxo de partículas cargadas, mentres trataba de descubrir por que se rompían os filamentos das súas lámpadas incandescentes.

14



1961 | O laurencio foi sintetizado por primeira vez por un equipo de investigadores de física nuclear do Lawrence Berkeley National Laboratory (EE. UU.).

15



1874 | Nace o explorador Ernest Shackleton. Tentou atravesar a Antártida co buque *Endurance*. Aínda que naufragou, todo o persoal sobreviviu tras navegar 1.500 quilómetros en botes salvavidas.

16



1923 | Nace a matemática afeccionada Marjorie Rice. Desenvolveu un sistema de notación para o estudo dos polígonos e descubriu novas teselacións pentagonais.

17



1905 | Nace a matemática Rózsa Péter. É autora de *Das Spiel mit dem Unendlichen (Xogando co infinito)*, un libro que foi traducido a máis de 15 idiomas.

18



1201 | Nace Nasir al-Din al-Tusi. Considerábase o primeiro matemático en valorar a trigonometría como unha disciplina independente das matemáticas puras.

19



1957 | Nace Daina Chaviano, unha das principais escritoras de ciencia ficción de Hispanoamérica. Publicou libros como *El abrevadero de los dinosaurios* ou *Fábulas de una abuela extraterrestre*.




# 20



1923 | Nace a química e inventora Helen Murray Free. Xunto ao seu esposo Alfred, desenvolveu as primeiras tiras reactivas de inmersión e lectura, para o seu uso en probas de diagnóstico.



# 21



1924 | Nace a informática Thelma Estrin. Foi unha das primeiras persoas en aplicar tecnoloxía informática á resolución de problemas de saúde e á investigación biomédica.



# 22



1945 | Falece a médica Sara Josephine Baker. Foi pioneira no seu traballo para diminuir a mortalidade infantil e para facilitar ás persoas máis desfavorecidas o acceso á saúde pública.



# 23



1886 | O químico e inventor Charles Martin Hall obtivo as primeiras mostras de aluminio mediante un proceso electrolítico para separar o metal do seu minarario.




# 24



1907 | Nace a naturalista Marjorie Eileen Doris Courtenay-Latimer. En 1938 descubriu un celacanto vivo, un peixe que se cría extinguido había 65 millóns de anos.



# 25



1837 | Thomas Davenport patenta o primeiro motor eléctrico no mundo, desenvolvido coa súa esposa Emily e Orange Smalley. Este motor estaba alimentado mediante unha batería de Volta.



# 26



1909 | Primeira demostración fronte ao público do cinema en cor, denominado Kinemacolor, no Palace Theatre de Londres.



# 27



1946 | Nace a xenetista Mary-Claire King. Identificou os xenes BRCA1 e BRCA2 (responsables do cancro de mama) e aplicou a secuenciación de ADN para identificar vítimas de violacións dos dereitos humanos.



# 28



1884 | Nace a física Alexandra Glagoleva-Arkadieva. Deseñou unha instalación de raios X en Moscova para buscar restos de metal e balas en feridos de guerra. Máis tarde reutilizouna para axudar en partos.

# 1

# 2

# 3

# 4

# 5



¿Qué es Hi Score Science?

Un videojuego de preguntas

Una herramienta de aprendizaje

Una aplicación de divulgación científica

Todo lo anterior

EVENTO DO MES

## CONCURSO DE MULLERES CIENTÍFICAS, HI SCORE SCIENCE

Hi Score Science é un xogo de preguntas sobre ciencia para estudantes de secundaria. Está desenvolvido polo Instituto de Nanociencia e Materiais de Aragón, e mais o Instituto de Síntese Química e Catálise Homoxénea, que organizan concursos en Aragón e a nivel nacional. Durante o mes de febreiro ten lugar o Concurso de Mulleres Científicas, unha mestura entre torneo e xincana, coa muller e a ciencia como temática.

<http://www.hiscorescience.org/quimmat/concurso.do>

L 30

M 31

Mé 1

X 2

V 3

S 4

D 5



1896 | O físico Henri Becquerel descobre a radioactividade por accidente, ao colocar sales de uranio sobre unha placa fotográfica.



1935 | Nace a xeóloga e química Purificación Fenoll Hach-Ali. Estudou a mineraloxía e xeoquímica da arxila e a súa aplicación industrial, así como os minerarios metálicos en xacementos de ouro, níquel ou cromo.



1851 | Nace a médica Ogino Ginko. Foi a primeira muller licenciada e practicante da medicina occidental en Xapón.



1895 | Nace Margaret Dorothy Foster, investigadora do Proxecto Manhattan. Desenvolveu técnicas de análise cuantitativa para o uranio e para o torio, e dos xeitos de separar os novos elementos.




1904 | Nace o paleontólogo, arqueólogo e antropólogo Pei Wenzhong. Atopou o primeiro cranio do home de Pequín (*Homo erectus pekinensis*) nunha profunda fenda de 40 metros.



1998 | Falece o deseñador industrial Benjamin Bowden. Realizou moitas innovacións na industria do automóbil e as bicicletas. O seu deseño máis coñecido é a bicicleta futurista Spacelander.



1922 | Nace a matemática Olga Aleksandrovna Ladyzhenskaya. É coñecida polo seu traballo en ecuacións en derivadas parciais (en especial no problema 19 de Hilbert) e mais en dinámica de fluídos.



1923 | A Universidade Central de Madrid (agora, a Universidade Complutense) inviste como doutor *honoris causa* ao físico Albert Einstein.



1787 | Nace a botánica e paleontóloga Josephine Ettl Kablick. Descubriu varias especies novas, como o peixe fósil *Palaeoniscus kablickae* e o trilobite *Kablikia silurica*.



1947 | Nace o guitarrista e enxeñeiro Tom Scholz. Fundou a súa propia empresa de deseño e fabricación de produtos tecnolóxicos, como o atenuador Power Soak e os amplificadores para auriculares Rockman.




1932 | Nace a viróloga Yvonne Barr. Descubriu o virus de Epstein-Barr, xunto ao patólogo Michael Anthony Epstein. Este virus é a principal causa da mononucleose aguda infecciosa.



1939 | Nace a programadora e hacker Jude Milhon (alcume St. Jude). Acuñou o termo *cypherpunk* -unindo *cipher* (cifra) e *cyberpunk*- para denominar as persoas defensoras da privacidade dixital.



2013 | Entra en pleno funcionamento o Atacama Large Millimeter Array, o radiotelescopio máis poderoso do mundo nese intre.




1876 | Nace Otto Karl Julius Röhm. Introduciu o uso de enzimas nos deterxentes. Isto fixoo máis sostibles, ao reducir o uso de enerxía e fosfatos no lavado da roupa.



1868 | Nace a matemática Grace Chisholm Young. Foi nai de seis fillos e escribiu varios libros sobre o ensino infantil, en colaboración co seu marido, William Young.



1915 | Nace o matemático Kunihiko Kodaira. É coñecido polas súas contribucións en xeometría alxébrica e en teoría de variedades complexas. Foi Medalla Fields en 1954 e Premio Wolf en 1984.



1849 | Nace a zooloxa e ictióloga Cornelia Maria Clapp. Foi a primeira muller dos EE. UU. en se doutorar en Bioloxía, e especializouse en vida mariña.



1826 | Nace a sufraxista Matilda J. Gage. A historiadora da ciencia Margaret W. Rossiter acuñou o coñecido como *efecto Matilda* na súa honra para describir como as científicas reciben menos creto polo seu traballo.



1369 | Falece o médico, poeta e filósofo andalusi Ibn al-Jatima. Foi pioneiro ao formular a hipótese da infección por organismos minúsculos e a importancia do illamento fronte ás epidemias.

Comeza  
a primavera

# 20



1879 | Nace a bioquímica Maud Menten. Xunto a Leonor Michaelis, desenvolveu a chamada *cinética de Michaelis-Menten*, modelo que describe a velocidade de moitas reaccións enzimáticas.

# 21



2002 | Nace Somaya Faruqi, capitá do Equipo de Robótica de Chicas Afgás. Coñecidas como *The Afghan Dreamers*, o seu obxectivo é transformar a cultura da súa comunidade a través do programa STEAM.

# 22



1940 | Nace a primeira xeóloga mexicana, María Fernanda Campa Uranga, *la Chata*. Fundou o Instituto Mexicano do Petróleo e defendeu o carácter público e inalienable das riquezas del subsolo.

# 23



2017 | A química Niveen Khashab recibe o Premio L'Oreal-UNESCO polo seu traballo innovador en materiais híbridos intelixentes e en técnicas para monitorizar a actividade antioxidante intracelular.

# 24



1884 | Nace a química e farmacéutica Chika Kuroda. Contribuíu á fabricación dun fármaco para tratar a hipertensión derivado da quercetina, un pigmento da pel da cebola.

# 25



1995 | Falece James Coleman, sociólogo coñecido pola formulación da teoría da elección racional, que axuda a entender o comportamento económico e social.

# 26



1516 | Nace o naturalista Conrad Gesner. É considerado o pai da bibliografía polo seu *Bibliotheca universalis*, a primeira gran compilación bibliográfica impresa de carácter xeral e universal.

# 27




1875 | Nace a neuróloga Cécile Vogt-Mugnier. A síndrome de Vogt-Vogt, unha alteración da atetose que ocorre na parálise cerebral infantil, recibe o nome de Cécile e do seu esposo Oskar.

# 28



1935 | O enxeñeiro aeronáutico Virgilio Leret patenta o seu mototurbocompresor de reacción continua, o primeiro motor a reacción. Non puido continuar con este proxecto ao ser un dos primeiros fusilados tras o golpe de Estado de 1936.

# 29



1561 | Nace Santorio Santorio, médico e un dos fundadores da medicina experimental. Desenvolveu diversos instrumentos de precisión, entre eles, o termómetro clínico.

# 30



1892 | Nace o matemático Stefan Banach, un dos fundadores da análise funcional. Fixo importantes achegas á teoría de conxuntos, a teoría da medida e outras ramas das matemáticas.

# 31



1880 | Nace a bioquímica Muriel Wheldale Onslow. Estudou a química dos pigmentos de flores.

# 1

# 2



EVENTO DO MES

## THE SASSY SCIENCE PROJECT

Sassy Science é unha *drag queen* divulgadora científica que se presentou en sociedade no congreso bialenal Euroscience Open Forum (ESOF), co apoio da bolsa europea "Marie Skłodowska-Curie ITN". Nos seus vídeos e charlas, Sassy Science céntrase nas minorías infrarrepresentadas nas disciplinas STEM. Deste xeito, alén de divulgar a ciencia, contribúe a denunciar a discriminación cara ás mulleres e persoas non binarias, as persoas racializadas e o colectivo LGTB+ en ciencia e tecnoloxía.

<https://www.agenciasinc.es/Entrevistas/Sassy-Science-la-primera-drag-queen-del-mundo-que-divulga-ciencia>

L 27

M 28

Mé 29

X 30


V 31

S 2, 3, 5, 11, 23, ... 1



1776 | Nace Sophie Germain, matemática autodidacta, que contribuíu á teoría de números, entre outras. Estudou os agora coñecidos como números primos de Sophie Germain.

D 2



1902 | Inaugúrase o Teatro Eléctrico de Los Angeles. Foi o primeiro cinema público de Estados Unidos.




1895 | Nace a farmacéutica e química Eugenia Pereira Rodríguez. Dirixiu un laboratorio onde fabricaba antibióticos, cosméticos, pastas dentais e o primeiro deterxente líquido de España.



2021 | Falece Thomas Brock, microbiólogo especializado nos microorganismos que viven a altas temperaturas. Escribiu o libro de texto de microbioloxía máis utilizado do mundo.



1887 | Nace a física Hedwig Kohn. Traballou na determinación cuantitativa da intensidade luminosa. As súas achegas contribuíron ao desenvolvemento da espectroscopia atómica e molecular.



2021 | Falece o historiador e hispanista Pierre Guichard. Figura chave da historiografía medieval, contribuíu a reformular de xeito decisivo os fundamentos da historia de Al-Ándalus.



1857 | Nace Dolors Aleu Riera, primeira muller en obter un doutoramento en Medicina en España.



1992 | Publicase na revista Nature o descubrimento de tres novos cranios en Atapuerca. Salienta a excepcional conservación dun, o coñecido como Miguelón en honor ao ciclista Miguel Induráin.



1921 | Nace a matemática e enxeñeira aeroespacial Mary Winston Jackson. Traballou no Centro de Investigación de Langley da NASA, onde desempeñou postos diversos: desde calculista a enxeñeira.



1887 | Nace o premio nobel Bernardo Alberto Houssay. Descubriu o papel que desempeñan as hormonas pituitarias na regulación da cantidade de azucre no sangue.



1935 | Nace o arqueólogo e historiador del arte Christian Ewert. Investigou a arquitectura andalusí, con sinalados estudos que abranguen desde Medina Azahara ata a Aljafería de Zaragoza.




1968 | Nace o investigador en nutrición animal Kevin Shingfield. Especialista en gando leiteiro, destaca polos seus traballos sobre o efecto da dieta sobre o valor nutricional do leite.



1782 | Descóbrese o telurio. Foi atopado en minerais de ouro polo xeólogo e químico Franz-Joseph Müller von Reichenstein, inspector xefe de minas en Transilvania (Romania).



2003 | Finaliza o Proxecto Xenoma Humano para determinar a secuencia de pares de bases químicas que compoñen o ADN humano: 3000 millóns de nucleótidos e uns 20.000 xenes.




1874 | Nace o físico e premio nobel Johannes Stark. Describiu o efecto Doppler nos raios canles e o desdoblamento das liñas espectrais cando a luz se somete a un campo eléctrico intenso.



1921 | Nace a bioquímica Marie Maynard Daly. Estudou os efectos sobre o corazón e as arterias de factores como o avellentamento, o tabaquismo, a hipertensión ou o colesterol.





**17**

2014 | Investigadores da Universidade de Cardiff logran un gran progreso no tratamento da leucemia linfática crónica (LLC), a forma máis común desta enfermidade.



**18**

1887 | Nace Isabel Ovin Camps, primeira muller licenciada en Química en España. Especializouse en educación e recibiu a Cruz de Afonso X o Sabio en 1954.



**19**

1567 | Falece Michael Stifel, frade e matemático descubridor dos logaritmos.



**20**

1896 | Nace Sheina Marshall, coñecida polo seu traballo en bioloxía mariña, nomeadamente polos seus estudos sobre o plancto.



**21**

1872 | Nace a micóloga Gertrude Simmons Burlingham. É moi coñecida pola súa obra sobre os xéneros de fungos *Russula* e *Lactarius*.



**22**

1904 | Nace a filósofa e escritora María Zambrano Alarcón. Foi unha das figuras capitais do pensamento español do século XX.



**23**

1858 | Nace o físico Max Planck. Foi o fundador da teoría cuántica e recibiu o Premio Nobel de Física en 1918.



**24**

1855 | Nace a xeóloga Catherine Alice Raisin. Investigou no campo da mineraloxía e petroloxía microscópica. Estudou o sílex, as serpentinias e as espilitas.




**25**

1874 | Nace o enxeñeiro electrónico Guglielmo Marconi. Presentou unha patente de radio en 1904 e recibiu o Premio Nobel de Física pola súa contribución á telegrafía sen fíos.



**26**

1913 | Nace a farmacéutica e brióloga Creu Casas i Sicart. Foi unha botánica especialista en musgos e hepáticas. A partir de 1937 exerceu de farmacéutica, aínda que sen perder o contacto coa botánica.



**27**

1970 | Anúnciase o descubrimento do elemento 105, o dubnio, nunha reunión da American Physical Society.



**28**

1911 | Nace a oncóloga e investigadora clínica Mildred Vera Peters. Demostrou que moitos pacientes da doenza de Hodgkin –considerada daquela incurable– podían curarse con radiación.



**29**

1852 | O médico e lexicógrafo Peter Mark Roget publica a primeira edición do *Tesouro de palabras e frases inglesas*. Trátase dunha recompilación de termos relacionados, como sinónimos e antónimos.



**30**

2013 | O neurobiólogo Ben Barres é nomeado membro da Academia Nacional de Ciencias en Estados Unidos e convértese así na primeira persoa trans en ocupar este posto.

**DESGRANANDO CIENCIA 8**

27 y 28 Mayo 2022

Teatro Isabel la Católica Granada

granada.hablandodeciencia.com #Desgrana8

Organiza: Hablando de Ciencia, Universidad de Granada, ICA, CSIC, FECTT, etc.


Patrocina: Covadonga, etc.

**EVENTO DO MES**

**DESGRANANDO CIENCIA**

Desgranando Ciencia é un evento de divulgación científica organizado pola **Asociación Hablando de Ciencia**. Os días 28 e 29 de abril deste ano celébrase a décima edición, un encontro en Granada en que se suceden breves charlas sobre multitude de temas. Pero a cousa non queda aí: cada ano complementase con concursos de divulgación a través de redes sociais, espectáculos, unha feira do libro e moito máis.

<https://granada.hablandodeciencia.com/>



**1**  
1543 | Maciej de Miechowicz realiza o inventario da súa biblioteca. Grazas a iso, confirmase que xa estaba en circulación o *Pequeno comentario*, en que Copérnico expón o seu modelo heliocéntrico.



**2**  
1934 | Falece o filólogo e arabista Julián Ribera y Tarragó, pioneiro no estudo da pegada andalusí dentro da cultura hispánica. Escribiu obras esenciais como *Bibliófilos y bibliotecas en la España musulmana*.



**3**  
1924 | Nace o matemático Isadore Manuel Singer, coñecido polo teorema de Atiyah-Singer, que relaciona índices analíticos e topolóxicos de operadores diferenciais elípticos sobre variedades compactas.



**4**  
1880 | Nace Mónico Sánchez Moreno, o enxeñeiro pioneiro da radioloxía e as telecomunicacións que inventou o primeiro aparello de raios X portátil, que comezará a se usar en ambulancias.



**5**  
2003 | Falece a botánica Graziela Maciel Barroso. É coñecida como a *Primeira Dama da Botánica* no Brasil, ao ser a primeira muller en facer un curso de grao nesa área no país.



**6**  
1939 | *The Lancet* publica o artigo «La microglía», onde Pio del Rio Ortega describe o descubrimento destas células. Viviu este fito desde o exilio fóra de España.



**7**  
1713 | Nace o matemático Alexis Clairaut. Os seus traballos marcaron un novo estilo físico-matemático, en que progresaron paralelamente ambas as disciplinas.




**8**  
1896 | Nace a matrona Stanisława Leszczyńska. Estivo releuída no campo de concentración de Auschwitz, onde asistiu as prisioneiras no nacemento de aproximadamente 3000 bebés.




**9**  
1834 | Nace a botánica Catherine Furbish. Durante 60 anos percorreu o estado de Maine (EE. UU.) para recoller, clasificar e ilustrar a flora que aí atopando.



**10**  
1958 | Nace a física e astronauta Ellen Ochoa. Foi a primeira muller de orixe hispánica en viaxar ao espazo.



**11**  
868 | Imprímese na China o texto budista coñecido como o *Sutra do diamante*, traducido do idioma sánscrito. Considerábase o primeiro libro impreso que chegou ata a actualidade.



**12**  
2017 | Bryan Keith «Dexter» Holland, cantante e guitarrista da banda punk rock The Offspring, recibe o seu doutoramento en Bioloxía Molecular grazas a unha tese sobre a secuencia de ARN do VIH.



**13**  
1914 | Nace a matemática e astrónoma Antonia Ferrin Moreira. Foi a primeira muller en defender unha tese de doutoramento en astronomía en España. Realizou estudos sobre estrelas duplas.



**14**  
1864 | O meteorito de Orgeuil cae en Francia. O seu estudo resultou moi polémico. O mesmo Louis Pasteur examinouno para buscar bacterias extraterrestres no seu interior.



**15**  
1903 | Nace a arqueóloga e matemática Maria Reiche Neumann. Nacionalizada peruana, dedicou gran parte da súa vida a investigar e promover a conservación das liñas de Nazca.



**16**  
1960 | O físico Theodore Maiman fai funcionar con éxito o primeiro láser. Para construílo, utilizou un rubí rosa.



**17**  
2022 | A química analítica Najat Aoun Saliba entra a formar parte do Parlamento de Libano. Salientan as súas investigacións sobre contaminación atmosférica e compostos cancerixenos nos cigarros electrónicos.



**18**  
1946 | Se promulga a ley que crea el Instituto Nacional de Investigación Agraria (INRA, Francia). Será o máis destacado de Europa en su área y se orientará a lograr una agricultura y ganadería más competitivas y sostenibles.



**19**  
2010 | Falece Fang Fang Kullander. É recoñecida polas súas contribucións á acuicultura na China e ao coñecemento das augas continentais de Myanmar. Fundou o proxecto sino-europeo ECOCARP.



**20**  
1865 | A inventora Fermina Orduña recibe a patente dun sistema para transportar burras, vacas e cabras. Este sistema aseguraba a distribución rápida de leite fresco a domicilio, especialmente a persoas enfermas.



**21**  
1958 | Nace Muffy Calder, profesora coñecida polo seu traballo no deseño de software complexo para o seu uso en sistemas biomédicos.

22




1903 | Nace a matemática e física Bertha Swirles Jeffreys. Realizou importantes contribucións á física cuántica. Xunto ao seu marido Harold, escribiu o libro *Methods of Mathematical Physics*.

23



1884 | Nace o estatístico Corrado Gini. Inventou o coeficiente de Gini, unha medida da desigualdade dunha distribución que se calcula como unha proporción das áreas no diagrama da curva de Lorenz.

24



2021 | Detectan por primeira vez etanolamina no espazo. Trátase dunha molécula chave para a orixe da vida porque contén catro dos seus elementos químicos fundamentais: osíxeno, nitróxeno, hidróxeno e carbono.

25



1934 | Santiago Ramón y Cajal finaliza a escritura de *El mundo visto a los 80 años*. As súas reflexións sobre a velez e os seus consellos para quen toma a carreira investigadora mostran gran vixencia.

26



2002 | A nave da NASA Mars Odyssey detecta que existe máis xeo baixo a superficie de Marte do esperado.

27



1898 | Nace a deseñadora e científica social Marie Neurath. É coñecida por transformar datos ou textos en diagramas, facendo combinacións entre a visualización de datos e a infografía.

28




2017 | Falece a ecóloga e limnóloga pioneira Maria Mirale. Foi a primeira muller catedrática de Ecoloxía en España e a primeira presidenta da Asociación Española de Limnoloxía.

29




1898 | Nace a médica Margaret Lin Xavier. Foi a primeira muller tailandesa en obter un grao de Medicina. Traballou en obstetricia e enfermidades sexuais.

30



1958 | Nace Miguel López Alegria, primeiro astronauta nacido en España. Realizou 10 camiñadas espaciais.

31



1852 | Nace o microbiólogo Julius Richard Petri. Inventou as placas de Petri, que se utilizan en todos os laboratorios do mundo para o cultivo de microorganismos sobre medios sólidos.

1

2

3

4

geología



Sociedad Geológica España



EVENTO DO MES

## GEOLODÍA

En 2005, un grupo de persoas xuntouse en Teruel para realizar unha excursión e aprender sobre xeoloxía. Desde aquela, outras provincias fóronse apuntando á iniciativa, ata chegar ao que é hoxe **Geolodía**: unha proposta de divulgación a nivel estatal, en que se realizan excursións de campo guiadas por persoas expertas en xeoloxía, de balde e abertas a todos os públicos. Este ano ten lugar o 6 e 7 de maio en distintos puntos do país.

<https://geolodia.es/>

L 29

M 30

Mé 31

X   1

2022 | O grupo de investigación de Neuroenxeñaría Biomédica da Universidade Miguel Hernández estrea unha obra musical baseada en rexistros electrofisiolóxicos dunha persoa cega.

V  2

1858 | O astrónomo Giovanni Battista Donati descobre o cometa que leva o seu nome: o cometa de Donati.

S   3


1923 | Nace a astrónoma Erika Böhm-Vitense. É coñecida polo seu traballo sobre estrelas variables cefeidas e atmosferas estelares.

D   4

2003 | A investigadora Margarita Salas le o seu discurso de ingreso na Real Academia Española. Tomou posesión da cadeira «i» e converteuse na primeira muller en ingresar nesta institución.

 5

1646 | Nace a filósofa Elena Lucrezia Cornaro Piscopia. No ano 1678 converteuse na primeira muller en recibir un doutoramento en Filosofía por unha universidade (a de Padua).

 6

1851 | Nace o inventor e empresario Angelo Moriondo. É coñecido por patentar a que se considera a primeira máquina moderna de café expreso.

 7

1909 | Nace a médica Virginia Apgar. Creou o test Apgar, o método que usamos hoxe en día para avaliar a saúde dos acabados de nacer.

 8

1896 | Nace a matemática Eleanor Pairman. Ensinou matemáticas ao alumnado cego: estudou braille e aprendeu a realizar diagramas e símbolos coa súa máquina de coser e outros utensilios domésticos.

 9

1961 | Falece o veterinario e biólogo Camille Guérin. Desenvolveu, xunto con Albert Calmette, a vacina BCG contra a tuberculose.

 10


1911 | Nace a botánica e micóloga Greta Barbara Stevenson. Describiu máis de cen novas especies da orde de fungos Agaricales.

 11

1754 | O químico Joseph Black descubriu o dióxido de carbono: denominouno aire fixo.

 12

1937 | Nace a inventora Emma Lilian Todd. Aprendeu mecánica de xeito autodidacta e deseñou o seu primeiro aeroplano en 1906. Promoveu o interese popular pola aviación a comezos do século XX.

 13

1585 | Falece o enxeñeiro Juanelo Turriano. É famoso por construír o enxeño que subía a auga desde o río Texo a Toledo. Aínda se conservan algúns autómatas atribuídos a este inventor.

 14

2014 | Falece a matemática María Josefa Wonenburger Planells, investigadora na teoría de álxebras de Lie. Foi a primeira muller española en conseguir unha bolsa Fulbright.

 15

1667 | O médico Jean-Baptiste Denys e o cirurxián Paul Emmerez realizan a primeira transfusión de sangue plenamente documentada. Tratouse dunha xenotransfusión dun año a un mozo de 15 anos.

 16

1909 | Nace o biólogo Archie Fairley Carr. Toda unha autoridade en tartarugas mariñas, clasificou 79 especies e subespecies e estudou os seus costumes migratorios, o apareamento e os seus hábitos nutricionais.

 17

1910 | O enxeñeiro e inventor Aurel Vlaicu realiza o seu primeiro voo coa máquina Vlaicu I. Considérase un dos pioneiros da aviación mundial.

 18

1983 | A física Sally Ride convértese na primeira estadounidense en ir ao espazo. Canda a súa noiva, Tam O'Shaughnessy, traballou para potenciar as vocacións científicas entre as nenas.



19

1960 | Nace a neurocientífica Juana Gallar. Estuda como sentimos dor nos ollos e como lles afecta a temperatura, a medicación e a cirurxía para axudar, entre outras, as persoas con ollo seco.




20

1931 | Nace a química inorgánica Mary L. Good. Dedicouse á investigación industrial e contribuíu á comprensión de como os catalizadores aceleran as reaccións químicas.



21

2022 | A investigadora Elena García Armada recibe o Premio Popular ao Inventor Europeo polo seu exoesqueleto que permite que nenas e nenos con parálise poidan camiñar durante a rehabilitación.



22

2017 | O dron Mine Kafon recibe o Premio Drone Hero Europe. Os irmáns afgáns Mahmud e Massoud Hassani deseñárono para a busca, detección e detonación a distancia de minas terrestres.



23

1889 | Nace a enxeñaría mecánica Verena Holmes. Promoveu a participación das mulleres na enxeñaría e, actualmente, o seu aniversario coincide co Día Internacional da Muller na Enxeñaría.



24

1956 | Nace a epidemióloga Abila Mehio Sibai. É reconecida polo seu traballo pioneiro para lograr un envellecemento saudable en persoas con baixos ingresos e polo seu impacto en políticas de saúde pública.



25

1997 | Falece o investigador e biólogo mariño Jacques Cousteau. Foi un gran divulgador, con máis de 100 documentais e películas que promoven a conservación do medio mariño.



26

2011 | Falece a historiadora Maria Lúcia Mott. Salientan as súas investigacións en historia da saúde e, alén diso, é pioneira dos estudos de xénero no Brasil.



27

1909 | Nace a botánica e xenetista Harriet Baldwin Creighton. Traballou no campo da citoxenética do millo con Barbara McClintock.




28

1876 | Nace a enfermeira Clara Louise Maass. Foi voluntaria nos estudos que descubriron como se contaxia a febre amarela e, de feito, faleceu a consecuencia dela, o cal provocou o remate destes.



29

1917 | Nace a médica e epidemióloga Selma Kaderman Dritz. Desempeñou un papel instrumental no seguimento da nova doenza do VIH.



30

2012 | O Centro de Ciencias de Kabul anunciou que Khaliullah Yaqubi, un estudante de secundaria, descubrira unha fórmula matemática que pode utilizarse para resolver ecuacións cuadráticas de segundo grao cunha incógnita.

1

2



 **Naciones Unidas**

Día Mundial del Medio Ambiente  
5 junio

EVENTO DO MES

## DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

05 de xuño conmemórase o **Día Mundial do Medio Ambiente**. Nace coa finalidade de sensibilizar a poboación acerca da importancia de cooidar o planeta e os nosos ecosistemas. Durante o mes de xuño teñen lugar iniciativas de educación e activismo ecoloxista a nivel internacional para concienciar sobre as consecuencias da crise climática e a necesidade de facer fronte cunha perspectiva de xustiza ambiental.

<https://www.un.org/es/observances/environment-day>

L 26

M 27

Mé 28

X 29

V 30

S 1

D 2



965 | Nace o físico Alhacén. Considerado o creador do método científico, escribiu o revolucionario *Libro de Óptica*, con grandes avances sobre a luz, a cor e o funcionamento do ollo humano.



2018 | Fúndase a Sociedade Ibérica de Ecoloxía (SIBECOL). Agrupa todas as persoas dedicadas á ciencia da ecoloxía, xa sexa teórica, terrestre, mariña ou de augas continentais.

3



1826 | O químico Antoine-Jerome Balard anuncia o descubrimento do bromo (número atómico 35).

4



1868 | Nace a astrónoma Henrietta Swan Leavitt. Estudou as estrelas variables cefeidas no Observatorio do Harvard College.

5



1951 | Nace Yves Chilliard. Desenvolveu a súa carreira no Instituto Nacional de Investigación Agraria de Francia (INRA) e é recoñecido polos seus estudos sobre metabolismo lipídico en gando leiteiro.

6



1849 | Nace o avogado e matemático Alfred Kempe. Escribiu sobre a solución de ecuacións por medios mecánicos e unha famosa memoria sobre mecanismos titulada *Como trazar unha liña recta*.

7



1921 | Nace Joaquina Albarracín. Realizou estudos innovadores sobre o vestido e o adorno das mulleres do norte de Marrocos, que puxo en relación cos de musulmás e mouriscas da península Ibérica na Idade Media e Moderna.

8



1943 | Emile Gagnan e Jacques Cousteau patentan o escafandro autónomo moderno. Incluía unha revolucionaria válvula para regular o fluxo do gas respirado.

9



1939 | Nace Zemyalai Tarzi, arqueólogo e director das escavacións de Bamiyán e Hadda. Protagonizou o documental *The Giant Buddhas*, sobre a destrución dos Budas de Bamiyán polos talibáns.

10



1908 | O físico Heike Kamerlingh Onnes produce helio líquido arrefriando o gas ata 0,9 kelvin. Recibiu o Nobel de Física en 1913 polos seus estudos sobre a materia a baixas temperaturas.

11



1969 | David Bowie publica «Space Oddity», unha canción sobre a sensación de flotar no espazo. Nove días máis tarde, a BBC usou a canción na cobertura da alaxe do Apolo 11.

12



1953 | Nace a científica conservacionista e ecoloxista Georgina Mace. Desenvolveu os criterios para incluír especies ameazadas na Listaxe Vermella da Unión Internacional para a Conservación da Natureza.

13



2010 | Inaugúrase o Museo da Evolución Humana, en Burgos. Constitúe un referente internacional en relación co proceso evolutivo humano, nos seus aspectos ecolóxicos, biolóxicos e culturais.

14



1888 | Nace a química Mary Lura Sherrill. Foi recoñecida polos seus logros en investigación química, en particular pola síntese de compoñentes antimaláricos.

15



1898 | Nace a física e matemática Mary Taylor Slow. Foi a primeira muller en traballar na teoría de propagación de ondas de radio.

16



1888 | Nace o físico e matemático Alexander Friedmann. Propuxo unha teoría pioneira sobre a expansión do universo, gobernada por un conxunto de ecuacións que desenvolveu: as ecuacións de Friedmann.

L   17



1967 | Falece a médica Janet Lane-Clayton. Foi unha das fundadoras da epidemioloxía e foi pioneira na utilización dos chamados estudos de cohortes e estudos caso-control.

M   18



1898 | Marie e Pierre Curie descubren un novo elemento químico: o polonio. O seu número atómico é 84.

Mé   19



1947 | Nace o guitarrista e astrofísico Brian May. Coñecido por ser membro da banda Queen, realizou a súa tese de doutoramento en astrofísica a partir de observacións recollidas no observatorio do Teide.

X   20



1873 | Nace o inventor Alberto Santos Dumont. Deseñou e construíu dirixibles e avións. Foi unha das persoas que máis contribuíu ao desenvolvemento temperán da aviación.

V  21



1620 | Nace Jean-Felix Picard, fundador da xeodesia. Foi pioneiro ao medir un arco dun grao do meridiano terrestre con triangulación, usando instrumentos provistos de lentes astronómicas con retícula.

S   22



1904 | Nace a bioquímica e historiadora da ciencia Lu Gwei-djen. Experta na historia da ciencia e a tecnoloxía na China, foi tamén médica especializada en nutrioloxía.

D  23



1995 | Os astrónomos Alan Hale e Thomas Bopp descubren, case simultaneamente, o cometa Hale-Bopp.

  24



1914 | Nace a farmacóloga Frances Oldham Kelsey. Supervisora da Food and Drug Administration en EE.UU., negouse a autorizar a venda da talidomida no seu país, xa que dubidaba da súa seguridade.

  25



2013 | Implantan con éxito falsos recordos no cerebro de ratas. Esta descuberta mellora a comprensión da memoria humana.

  26





1999 | Constitúese a Fundación Atapuerca. Os seus obxectivos son apoiar o Equipo de Investigación de Atapuerca mediante as campañas de escavacións, mellorar o contorno e difundir os restos arqueolóxicos achados e as investigacións sobre estes.

 27



1848 | Nace o físico Loránd Eötvös. O seu traballo centrouse na gravitación e o estudo da tensión superficial dos líquidos.

 28




1851 | O fotógrafo Johann Julius Friedrich Berkowski foi o primeiro en obter un daguerrotipo da coroa de luz nunha eclipse solar total.

 29



1919 | Nace a bioquímica Patricia Hannah Clarke. O seu principal campo de investigación foi a produción e o metabolismo dos enzimas bacterianos.

 30




1920 | Nace a xeóloga Marie Tharp. Demostrou a existencia da dorsal mesoatlántica e permitiu o cambio da hipótese de Terra en expansión ás teorías de tectónica de placas e deriva continental.

  31



1934 | Nace a xenetista Julia Gwyneth Bodmer. Estudou os antixenos leucocitarios humanos (HLA, en inglés), un sistema de marcadores xenéticos. Foi experta en seroloxía e definición xenética do sistema HLA.



EVENTO DO MES

## #CIENCIAENMEMES

A Delegación do CSIC en Cataluña propón o xeito máis divertido de divulgar: usando memes. Cada verán convoca o concurso Ciencia en Memes a través de Twitter, onde persoas de todas as idades poñen en marcha a súa creatividade e sentido do humor para comunicar ciencia. Así, o cancelo #CienciaenMemes enche as redes de imaxes editadas, con «dubidosa» calidade artística, pero de gran contido divulgativo.

[https://twitter.com/hashtag/CienciaenMemes?src=hashtag\\_click](https://twitter.com/hashtag/CienciaenMemes?src=hashtag_click)

L 31

M  1



1945 | Falece Blas Cabrera, considerado un dos pais da física española e un referente no campo do magnetismo.

Mé  2




1893 | Nace a cristalógrafa Isabel Ellie Knaggs. Estabeceu que os átomos de carbono adoptan unha xeometría en forma tetraédrica cando forman compostos con outros átomos.

X  3



1890 | Nace a astrónoma Martha Betz Shapley. É coñecida pola súa investigación sobre estrelas binarias eclipsantes.

V  4



1917 | O inventor Lucien Lévy solicita a patente para o principio superheterodino. Será tan relevante que a práctica totalidade dos receptores de radio AM utilizarán o sistema heterodino.

S  5



1952 | Falece Sameera Moussa, a primeira física nuclear de Exipto. Traballou para facer accesible a todo o mundo o uso médico da tecnoloxía nuclear e polo uso pacífico da enerxía atómica.

D  6



1773 | Nace o matemático Louis Benjamin Francoeur. O seu curso de álgebra na Faculté des Sciences de Paris incorporaba leccións sobre xeodesia e cálculo de probabilidades.

 7



1933 | Nace a politóloga Elinor Ostrom. Foi premiada co Nobel xunto a Oliver Williamson polas súas teorías sobre o papel das empresas na resolución de conflitos e como estruturas de goberno.

 8



2013 | Falece o arabista e hispanista Mahmud Ali Makki. Creou o Departamento de Lingua e Literatura Españolas da Universidade do Cairo. Entre outros galardóns, recibiu a Orde de Afonso X o Sabio.

 9



1937 | Nace a química Edda Adler. Estudou os factores e mecanismos que regulan a liberación de neurotransmisores, así como o rol dos endocannabinoides na fisiopatoloxía cardiovascular.

 10




1883 | Nace a agrónoma e fisióloga vexetal Winifred Elsie Brechle. Mellorou a técnica de cultivos hidropónicos e achegouse a descubrir o papel do cobre e o zinc na nutrición das plantas.

 11



1942 | A enxeñeira e actriz Hedy Lamarr e o pianista George Antheil patentan o seu sistema de comunicación cifrada. Constitúe unha das bases para o desenvolvemento da wifi.

 12



1865 | Joseph Lister convértese no primeiro cirurxián en usar desinfectante durante unha operación.

 13



1642 | Christiaan Huygens descobre a capa de xeo do polo sur de Marte.

 14



1888 | Nace o matemático Julio Rey Pastor. Considérase un dos grandes renovadores das matemáticas no mundo de fala hispana.

 15



1863 | Nace o enxeñeiro naval e matemático Aleksey Krylov. Publicou uns 300 traballos sobre a construción de buques, o magnetismo, a artillaría, as matemáticas, a astronomía ou a xeodesia.

 16



1871 | Nace a bióloga e limnóloga Rina Monti. Experta en histoloxía e anatomía comparativa, desenvolveu a escola italiana de limnoloxía. Foi a primeira catedrática no Reino de Italia.

 17



2018 | Publícase o xenoma do trigo fariñeiro. A súa gran complexidade requiriu a colaboración de 73 institutos de investigación de 20 países, entre eles o INRA e o CNRS (Francia) e o CSIC (España).

 18



1911 | Nace a pioneira en programación Klára Dan Von Neumann. Escribiu o código usado na máquina MANIAC I, desenvolvida polo matemático John von Neumann e o enxeñeiro Julian Bigelow.

 19



1874 | Nace o micólogo e botánico Arthur Henry Reginald Buller. Foi un recoñecido estudoso do reino Fungi e da ferruxe do trigo.

 20



1942 | Os químicos nucleares Burris Cunningham e Louis Werner illan un microgramo de plutonio. Foi a primeira cantidade visible ao olho humano, o que permitiu estudar algunhas das súas propiedades.





# 21



1789 | Nace Augustin Louis Cauchy, un dos pioneiros da análise matemática.



# 22



1860 | Nace Blanca Catalán de Ocón y Gayolá. É considerada a primeira botánica española. Os seus herbarios, dos cales aínda se conservan dous, incluíron especies descoñecidas no momento.



# 23



1917 | Nace a endocrinóloga Estelle Rosemary Ramey. Refutou ao cirurxián Edgar Berman, quen afirmou que as mulleres non podían ocupar altos cargos públicos polos seus «desagradables desequilibrios hormonais».



# 24



2021 | Parte do Equipo de Robótica de Mozas Afgás chega a México fuxindo dos talibáns. Son coñecidas por desenvolver un prototipo de respirador de baixo custo durante a pandemia pola covid-19.



# 25



1609 | Galileo Galilei presenta o primeiro telescopio astronómico rexistrado ante o Senado de Venecia.



# 26



1892 | Nace a criptoanalista Elizebeth Smith Friedman. Traballou contra o contrabando e o narcotráfico e descifrou mensaxes de espías nazis que promovían levantamentos fascistas en América do Sur.



# 27



1923 | Nace a xenetista e conservacionista Liane Russell. Estudou a xenética dos mamíferos para comprender a determinación do sexo e os efectos da radiación, as drogas e os combustibles.



# 28



1789 | William Herschel descobre Encélado, un satélite de Saturno. Ademais de astrónomo, Herschel foi músico e compuxo obras para teclado, violín, óboe e orquestra.



# 29



1982 | O meitnerio é sintetizado por primeira vez por un equipo de investigación liderado por Peter Armbruster e Gottfried Münzenberg. Recibe o seu nome en homenaxe a Lise Meitner.



# 30



1884 | Nace o físico e químico Theodor Svedberg. Desenvolveu a técnica de ultracentrifugación analítica e demostrou a súa utilidade na distinción de proteínas puras.



# 31



1842 | Nace a médica e escritora Mary Corinna Putnam. Avogaba por ampliar as oportunidades educativas das mulleres, que debían recibir a mesma formación e práctica clínica que os homes.

# 1

# 2

# 3

## Ciencia al fresquito

Un gran plan para el verano



### EVENTO DO MES

## CIENCIA AL FRESQUITO

Durante os meses máis calorosos do ano, a **Fundación Descubre** trae unha proposta moi refrescante: actividades científicas por toda Andalucía. Sesións de cinema ao aire libre, observacións astronómicas, exposicións, cafés con investigadoras... Todo iso para se asegurar de que os meses do verán sexan entretidos e fresquiños. Os obradoiros están destinados a todo tipo de públicos (desde primaria ata idade adulta) e priorizan achegar a ciencia a pequenos municipios da rexión.

<https://fundaciondescubre.es/cienciaalfresquito/>

L 28

M 29

Mé 30

X 31

V 1

S 2

D 3



1145 | Nace o xeógrafo e literato Ibn Yubayr. O libro en que relata a súa peregrinación desde a península Ibérica á Meca é unha valiosa fonte de información sobre o seu tempo.



1877 | Nace o químico Frederick Soddy. Recibiu o Premio Nobel de Química polos seus estudos de substancias radioactivas e as súas investigacións sobre a orixe e a natureza dos isótopos.



1897 | Nace a física Elisabeth Karamichailova, unha das mulleres pioneiras en física nuclear de comezos do século XX; cooperou con Marietta Blau no estudo do polonio.




973 | Nace o matemático e astrónomo Al-Biruni. Calculou o raio da esfera terrestre cunha marxe de erro de só 16 km, un nivel de aproximación que non se repetiría ata o século XVI.




1897 | Nace a botánica Katherine Warrington. Foi a primeira persoa en probar que o boro, en forma de ácido bórico, é esencial para o crecemento das plantas.



1829 | Nace a médica pioneira Marie Zakrzewska. Xunto a Elizabeth e Emily Blackwell, fundou unha escola de enfermaría para mulleres, da que foi superintendente.



1829 | Nace August Kekulé. Foi un dos fundadores da teoría estrutural da química, baseada na tetravalencia do átomo de carbono e no concepto de *enlace químico*.



1987 | Falece a ictióloga Margaret M. Smith. Xunto ao seu esposo, descubriu 370 especies de peixes. Ademais, é considerada unha das ilustradoras naturalistas máis importantes do mundo.



1916 | Nace a xeóloga Dorothy Jung Echols. Traballou na industria do petróleo no Deep Sea Drilling Project. Especializouse nos microfósiles (micropaleontoloxía).



1907 | Nace a xeóloga e especialista en corais Dorothy Hill. Foi a primeira muller profesora nunha universidade australiana, así como a primeira muller que presidiu a Australian Academy of Science.



1847 | Nace a astrónoma Mary Watson Whitney. Aprendeu de Maria Mitchell e, durante 22 anos, foi a responsable do Vassar Observatory. Publicáronse 102 artigos científicos baixo a súa dirección.



1921 | Nace o escritor de ciencia ficción Stanisław Lem. Os seus libros exploran o lugar da humanidade no Universo e as súas limitacións, incluídos os problemas de comunicación con outros seres.



1913 | Nace a química Carmen Herrero Ayllón. Amais de investigadora e profesora de química, participou nun proxecto de laboratorio pedagóxico de formación do profesorado en todos os campos.



2016 | A astrofísica Begoña Vila Costas é recoñecida coa Exceptional Public Achievement Medal da NASA polos seus logros excepcionais no desenvolvemento do telescopio espacial James Webb.



2019 | Falece Montserrat Soliva Torrentó. Foi especialista en compostaxe e mais no uso de residuos orgánicos para preservar o medio ambiente, protexer o solo e incrementar a produtividade agraria.




1934 | Juan de la Cierva efectúa o primeiro voo en autoxiro sobre a cidade de Madrid.



1888 | Nace a agrónoma e bioquímica Michiyo Tsujimura. En 1929 illou a catequina (un flavonoide) e en 1930 extraeu o tanino en forma de cristal do té verde.

18



1977 | A Voyager 1 tomou a primeira fotografía da Lúa e a Terra xuntas no espazo.

19



2021 | Ás 15:03 h entra en erupción o volcán de Tajogaite (A Palma). O equipo de pilotos de drones do IGME realizará un traballo pioneiro para a xestión da emerxencia volcánica e o seguimento da erupción.

20




1959 | Nace a bioquímica Elisa Izaurralde. Estudou as proteínas que exportan o ARN mensaxeiro fóra do núcleo celular, os mecanismos da represión translacional e a decadencia do ARN mensaxeiro.

21




1923 | Falece o médico Fidel Pagés, pioneiro da anestesia epidural. Debido á súa temperá morte e a que o seu traballo non foi traducido, os seus descubrimentos foron descoñecidos durante anos.

22



1908 | Nace a astrónoma Odette Bancilhon. Desde comezos da década de 1930 desenvolveu a súa carreira no Observatorio de Alxer, onde descubriu o asteroide Cevenola (1333) en 1934.

23




2013 | Falece a botánica e limnóloga Ruth M. Patrick. Especialista en diatomeas, foi pioneira en utilizar estes organismos para diagnosticar o estado de saúde dos ecosistemas de auga doce.

24



2013 | Escoitán por primeira vez primates non humanos a murmuraren. Tratábase de monos títi que, ao se veren ameazados, murmuraban para evitar ser escoitados por outros.

25



1644 | Nace o astrónomo Ole Rømer. Por influencia de Rømer, introduciuse o calendario gregoriano en Dinamarca no ano 1710.

26



2008 | Falece a arquitecta Rita Fernández Queimadelos. Ocupou cargos nunca antes desempeñados por unha muller en España, tales como o de arquitecta municipal ou arquitecta escolar provincial.

27



2013 | A Administración de Alimentos e Medicamentos dos Estados Unidos (FDA) aproba o primeiro páncreas artificial.

28



1954 | Nace o paleoantropólogo Juan Luis Arsuaga, codescubridor do cranio n.º 5 da Sima de los Huesos (coñecido como Miguelón). Desde 2013 é director científico do Museo da Evolución Humana.

29



1986 | Nace a bióloga mariña Irene Bernasconi. Especializada na procura de Echinoderma, é coñecida polo seu traballo no Antártico, en particular no Sector Antártico Arxentino.

30



1958 | Uns obreiros descubren en Camas (Sevilla) o tesouro do Carambolo. Trátase dun dos achados máis importantes ligados ao mundo tartésico.

1



30 SEPTIEMBRE 2022  
EUROPEAN RESEARCHERS' NIGHT / ESPAÑA



## EVENTO DO MES NOITE DOS INVESTIGADORES E INVESTIGADORAS

Centos de cidades en toda Europa celebran o derradeiro venres de setembro a **European Researchers' Night (A Noite dos Investigadores e Investigadoras)**. Está impulsada pola Comisión Europea para que o persoal investigador amose o seu traballo ao público e se promova deste xeito unha ciencia accesible e próxima. Así, nesta duodécima edición, a cidadanía desfrutará de experimentos, monólogos, representacións teatrais e obradoiros.

<https://lanochedelosinvestigadores.es/>

L 25

M 26

Mé 27

X 28

V 29

S 30

D 1



Longitud de onda



2015 | Ten lugar a primeira emisión de *Longitud de onda*, un programa de Radio Clásica dedicado á relación entre a ciencia e a música.

2






1928 | Piedad de la Cierva Viudes ingresa como alumna na Universidade de Murcia. Era a única muller. Foi pioneira en estudar o vidro óptico e inventou os ladrillos refractarios de casca de arroz.

3

1509 | Antonio de Nebrija recibe a cátedra de Retórica da Universidade de Salamanca. É un dos lingüistas máis destacados da lingua castelá. Escribiu a primeira gramática desta lingua en 1492.

4

1890 | Nace o médico e radiólogo Alan L. Hart. Foi pioneiro na aplicación de raios X para diagnosticar a tuberculose. Realizou a primeira transición masculina transxénero documentada nos Estados Unidos.

5




1925 | Nace o paleoantropólogo Emiliano Aguirre. Dirixiu as escavacións dos xacementos plistocénicos da serra de Atapuerca desde 1978 ata a súa xubilación en 1990.

6




1903 | Nace o físico Ernest Walton. Xunto a John Cockcroft, construíu un dos primeiros tipos de acelerador de partículas, polo que gañaron o Premio Nobel.

7




1928 | Nace a psiquiatra Lorna Wing. Leva o seu nome a *triade de Wing*, que define os síntomas da síndrome de Asperger.

8





2023 | Día Internacional da Podoloxía. O seu obxectivo é crear conciencia sobre a importancia que a saúde do pé ten para a saúde no seu conxunto.

9




2013 | Un novo método de microscopia permite observar estruturas de ata 80 nm dentro dunha célula.

10

1731 | Nace Henry Cavendish, físico, químico e descubridor do hidróxeno (número atómico 1 na táboa periódica).

11




1745 | Ewald Georg von Kleist constrúe a botella de Leyden, o primeiro mecanismo para almacenar carga eléctrica.

12




1946 | Fúndase o Instituto de Endocrinoloxía C. I. Parhon (Bucarest). Constantin Ion Parhon foi coautor, con Moise Goldstein, do considerado como primeiro tratado de endocrinoloxía médica do mundo.

13




1874 | Nace Kiyotsugu Hirayama. Descubriu asteroides con características orbitais similares: semieixe maior, excentricidade e inclinación. Crese que as coñecidas como *familias Hirayama* teñen unha orixe común.

14




1803 | Publicase o decreto en que se incorpora a Isabel Zendal Gómez á Real Expedición Filantrópica da Vacina.

15




1608 | Nace o físico Evangelista Torricelli. Considérase a primeira persoa en medir a presión atmosférica.

16



2013 | O Curiosity Rover alcanzou un fito na súa viaxe a Marte ao percorrer 1 quilómetro desde a súa aterraxe.

17



1720 | Nace a escritora e anatomista Geneviève Charlotte Thiroux d'Arconville. Realizou numerosos experimentos sobre a putrefacción e conservación de alimentos, que recompilou nun ensaio en 1766.

18



1963 | A gata Félicette convértese no primeiro felino en viaxar ao espazo. Esta misión foi todo un fito na carreira espacial de Francia.

19



1943 | Illan, na Universidade de Rutgers (EE. UU.), o primeiro antibiótico efectivo contra a tuberculose: a estreptomina.

20



1906 | Lee De Forest anuncia o descubrimento do triodo, que amplificaba as ondas de son e controlaba o volume. Trátase dun antecesor do amplificador utilizado nas guitarras eléctricas.

21




2016 | Winifred Mary Beard, experta no estudo da civilización romana, recibe o Premio Princesa de Asturias. O seu gran labor divulgador permitiu achegar os clásicos ao gran público.

22



1981 | Inaugúrase o tren de alta velocidade Paris-Lión, o primeiro do seu tipo en Europa.

23



2013 | Descubren a galaxia detectable máis afastada ata a data (z8\_GND\_5296). Atópase a 13.100 millóns de anos luz de nós.

24



1997 | O equipo investigador de Atapuerca recolle o Premio Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica. Recoñécese así o extraordinario interese dos seus descubrimentos paleoantropolóxicos.

25



1972 | Nace a economista Esther Duflo. Recibiu o Premio Nobel de Economía en 2019 (xunto a Abhijit Banerjee e Michael Kremer) polo seu enfoque experimental para aliviar a pobreza global.

26



1874 | Nace o físico-químico Thomas Lowry. Mellorou a teoría de Arrhenius definindo un ácido como unha substancia capaz de transferir protóns e unha base como unha substancia capaz de aceptalos.

27



925 | Posible data de falecemento de Abū Bakr Muhammad ibn Zakariyā al-Rāzi (al-Razi). Escribiu a enciclopedia médica *al-Hawi* e é considerado o descubridor do queroseno, do ácido sulfúrico e do uso médico do etanol.

28



1982 | A Administración de Alimentos e Medicamentos dos Estados Unidos (FDA) aproba a comercialización do primeiro produto médico recombinante: un tipo de insulina (Humulin).

29



2015 | Falece María Luisa Aguilar Hurtado, a primeira astrónoma profesional do Perú. Promoveu a cultura científica mediante a fundación do Seminario de Astronomía e Astrofísica.

30



1938 | Nace a matemática Marina Evseevna Ratner. Especialista en teoría ergódica, varios teoremas desta rama levan o seu nome.

31



2003 | Durante unhas observacións rutinarias, detectan o planeta anano Eris. Identificouse en xaneiro de 2005 e motivou que a Unión Astronómica Internacional redefinise o termo planeta en 2006.

PERIÓDICO DE Atapuerca

Unos humanos muy precoces

Un reciente estudio del Equipo de Investigación de Atapuerca afirma que los niños y niñas de la Sima de los Huecos y de la Gran Dolina de Atapuerca crecían más rápido que los nuestros.

## EVENTO DO MES PERIÓDICO DE ATAPUERCA

O *Periódico de Atapuerca* é unha publicación mensual realizada pola Fundación Atapuerca. As súas páxinas están repletas de contido acerca dos xacementos e investigacións sobre evolución humana. Deste xeito, o Equipo de Investigación de Atapuerca pode difundir os seus últimos descubrimentos, que adoitan expor temas tan diversos como a maternidade na prehistoria, se os neandertais podían falar ou o uso de cráneos humanos para rituais desde o Paleolítico. Alén disto, parte das novas está adaptada a lectura fácil, nun intento de eliminar barreiras de comprensión lectora e facer a divulgación científica accesible para o público que a requira.

<https://www.atapuerca.org/es/atapuerca/PeriodicoDeAtapuerca>

L 30

M 31

Mé 1



1973 | Os investigadores Cohen, Chang, Boyer e Helling publican a primeira construción *in vitro* de plásmidos, un fito crucial na tecnoloxía do ADN recombinante.

X  $\pi$  2




1815 | Nace o matemático George Boole. Considerase o creador da lóxica matemática.

V 3



1906 | Nace a química farmacéutica Luz Oliveros-Belardo. Extrae máis de trinta novos aceites esenciais filipinos, estudou as súas propiedades químicas e creou novos sabores, aromas e medicinas.

S 4



1897 | Nace a botánica Janaki Ammal. Realizou importantes contribucións á citoxenética e á xeobotánica. O seu traballo científico máis notable trata sobre a cana de azucre e a berenxena.

D 5



1900 | Nace a ictióloga Ethelwynn Trewavas. É coñecida polo seu traballo sobre as familias *Cichlidae* e *Sciaenidae*.

6



1950 | Nace o matemático Amir Aczel. Escribiu sobre a historia da ciencia e as matemáticas. O seu libro máis coñecido é *Fermat's Last Theorem* ('O último teorema de Fermat').

7



994 | Nace o intelectual andalusi Ibn Hazm. Compuxo 400 volumes sobre xenealoxía, teoloxía, historia, dereito ou medicina. *O colar da pomba*, sobre o amor e os amantes, é a súa obra cumio.

8



1887 | O inventor Emile Berliner patenta o gramófono. Entre os seus logros tamén están o desenvolvemento dos discos de vinilo ou ser o precursor do micrófono.

9



1934 | Nace o astrofísico e escritor Carl Sagan. Realizou unha gran contribución á promoción e popularización da ciencia. É especialmente coñecida a súa serie *Cosmos*.

10



1869 | Nace o historiador e arabista Andrés Giménez Soler. As súas obras continúan a ser referentes para o estudo da Granada nazari.

11



1942 | Nace o oncolóxico Robert A. Weinberg. Describiu o primeiro oncoxene (Ras) e o primeiro xene supresor de tumores (Rb).

12



2015 | Un equipo do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT), de EE. UU., inventa un novo proceso para desalinizar a auga mediante ondas de choque.

13




1891 | Nace a xeóloga Hedwig T. Kniker. Estudou o Cretáceo e o Terciario, así como os fusulinidos do Pérmico e a súa importancia estratigráfica.

14



1830 | Nace o arabista Emilio Lafuente Alcántara. O seu estudo *Inscripciones árabes de Granada* inclúe traducións e interpretacións dos textos presentes nas filigranas da Alhambra.

15



2016 | O IGME presenta ao público o maior xacemento potencial de telurio do mundo, localizado ao suroeste de Canarias. Levaban estudando as mineralizacións dos montes submarinos das illas desde 2011.

16



2004 | Créase a Fundación Ørskov para apoiar a investigación de métodos innovadores e sostibles para mellorar a gandaría e a produción de alimentos. Rende homenaxe ao investigador Bob Ørskov.

17



1935 | Falece a médica Matilda Evans. Defendeu unha mellor atención médica ás persoas afroamericanas, en particular a nenos e nenas.

18



1917 | Nace a física Carolyn Beatrice Parker. Durante o período 1943-1947 traballou no Proxecto Dayton, o brazo de investigación e desenvolvemento de plutonio do Proxecto Manhattan.

19



1901 | Nace a matemática Nina Karlovna Bari. É coñecida polo seu traballo en series trigonométricas.

20



1889 | Nace o astrónomo Edwin Hubble. O telescopio espacial Hubble recibiu este nome na súa honra.

21



1935 | A química Branca Edmée Marques de Sousa Torres defende a súa tese de doutoramento sobre o bario na Universidade da Sorbona. Os seus directores foron Marie Curie e André-Louis Debierne.

22



1859 | Nace a médica e profesora Cecilia Grierson. Foi a primeira muller que obtivo o grao de Medicina na Arxentina. Fundou a Asociación Obstétrica Nacional e a Revista Obstétrica.

23



1898 | Nace a química Rachel Fuller Brown. Con Elizabeth Lee Hazen, creou o primeiro fungicida para humanos: a nistatina, para infeccións do fungo *Candida albicans* e polos *Cryptococcus*.

24




1846 | Nace o arqueólogo e historiador Percy Gardner. Experto en numismática, demostrou como a historia e a arte dun período se mostran a través das súas moedas.

25



1964 | Martin Cole e colaboradores patentan un método biolóxico (enzimático) para preparar penicilinas de forma máis sostible e que evita producir miles de toneladas de residuos químicos aforrando enerxía.

26



1783 | O aeronauta Louis-Sebastien Lenormand realiza o primeiro experimento documentado de paracaidismo.

27



1852 | Falece a matemática, informática e escritora Ada Lovelace. É considerada a primeira programadora de computadoras do mundo.

28



1660 | Fúndase en Londres a Royal Society, a sociedade científica máis antiga de Reino Unido e unha das primeiras de Europa, dedicada a promover a excelencia na ciencia.

29



1893 | Nace a médica e investigadora farmacéutica María Orosa e Ylagan. Especializouse en tecnoloxía dos alimentos e desenvolveu produtos como o *soyalac* e o *darak*.

30



1942 | Nace María Ángeles Durán, investigadora especializada na análise do traballo non remunerado e a súa relación coa estrutura social e económica.

1

2

3



¿Qué es #CienciaenElParlamento? · #CienciaenElParlamento2018 · Noticias y publicaciones · Eventos · Colabora con nosotros · Equipo · Quiénes somos · Contacto

### EVENTO DO MES

## CIENCIA NO PARLAMENTO

En novembro de 2018 miles de persoas e máis dun cento de institucións promoveron o primeiro evento de **Ciencia no Parlamento**. A idea xestouse meses antes a través de conversas no Twitter, que se lamentaban da enorme desconexión entre responsables políticos e científicos. Así naceu unha iniciativa cidadá para que a ciencia sexa unha fonte de información á hora de formular propostas políticas. Desde aquela, o movemento medrou, chegou ao Congreso dos Deputados, estableceu reunións entre persoas do ámbito político e persoas do ámbito científico e promoveu o nacemento dunha oficina de asesoramento científico para o Parlamento.

<https://cienciaenelparlamento.org/>

“La ciencia y la vida ni pueden ni deben estar separadas”

Rosalind Franklin

L 27


M 28

Mé 29

X 30



2010 | Os investigadores da Universidade de Sevilla Cristina Sánchez-Porro e Antonio Ventosa publican o descubrimento dun novo microorganismo que medra nos restos do RMS Titanic.



1950 | Isaac Asimov publica *I, Robot* ('Eu, robot'). Estes relatos baséanse nas tres leis da robótica, un código moral para guiar a relación entre robots e humanos.



1842 | Nace a entomóloga Margaret Morris. Descubriu a cigarra *Magicicada cassinii* e estudou as moscas do trigo, as lagostas e os fungos como parasitas botánicos. O seu traballo mellorou a agricultura.



1973 | A nave Pioneer 10 voa preto de Xúpiter e fotografa a súa atmosfera e tres dos seus satélites (Europa, Ganimedes e Calisto). Foi a primeira nave espacial en viaxar fóra do sistema solar.



1895 | Nace o matemático Elbert Frank Cox. Foi o primeiro afroamericano en obter un doutoramento en Matemáticas.



1909 | Nace a química María de la Concepción Carnero Valenzuela. Xunto ao bioquímico Fernando Calvet, estudou as dioxinas, compostos químicos que deven en contaminantes ambientais persistentes.



1823 | Nace o matemático e lóxico Leopold Kronecker. Estaba persuadido de que a aritmética e a análise deben basearse nos números enteiros.



1919 | Nace a informática Kateryna Yushchenko. Traballou en teoría da probabilidade, linguaxes algorítmicas e de programación. Desenvolveu unha linguaxe de alto nivel para programación, o Address.



1931 | Nace a bioquímica e bióloga ambiental Fawzia Fahim. É principalmente coñecida polo seu traballo sobre os efectos antitumorais do veneno de serpe.



2017 | Un equipo liderado polo IGME e a Universidade de Oxford descobre unha nova carracha (*Cornupalpatum burmanicum*) nunha pluma de dinosauro. É a primeira evidencia directa deste parasitismo.



1843 | Nace Robert Koch. Descubriu os bacilos da tuberculose e do cólera. É considerado o fundador da bacterioloxía moderna.



1913 | Nace a matemática Emma Castelnuovo. Especialista en educación matemática, realizou un traballo innovador no enfoque didáctico desta disciplina.



1465 | O médico e comerciante Abd al-Basit al-Malati desembarca en Málaga para ampliar os seus estudos de medicina en Al-Ándalus. Escribirá sobre as súas experiencias e percepcións do territorio andalusi.



1916 | Nace a xeóloga Concepción Bonet Muñoz. Creou o Departamento de Fotoxeoloxía na Xunta de Enerxía Nuclear (actual CIEMAT) e participou no desenvolvemento do Plan xeral de estradas de España.



1970 | A sonda Venera 7 entra na atmosfera de Venus e aterra na superficie do planeta.




1878 | Nace a química Gertrud Woker. Sinalou a toxicidade da gasolina con chumbo e suxeriu como producir combustible sen chumbo. Estudou os efectos dos gases venenosos empregados durante a guerra.



1903 | Os mecánicos e irmáns Orville e Wilbur Wright voan por primeira vez co seu avión motorizado. Percorren unha distancia de 40 metros en 12 segundos.



18



1994 | Descóbrese a cova de Chauvet (Ardeche, Francia). Contén algunhas das pinturas rupestres máis antigas que se coñecen.

19



2013 | Lánzase ao espazo Gaia, o telescopio da Axencia Espacial Europea (ESA, na súa sigla en inglés).

20



1890 | Nace o químico e inventor Jaroslav Heyrovský. Recibiu o Premio Nobel de Química pola descuberta e desenvolvemento dos métodos polarográficos de análise.

21



1922 | Nace a física e matemática Cécile DeWitt-Morette. Dirixiu unha expedición a Mauritania co seu marido para confirmar que a traxectoria da luz se curva segundo a teoría da relatividade xeral.

22



1887 | Nace o matemático autodidacta Srinivāsa Aiyangār Rāmānujan. A súa conxectura sobre a función tau abriu novas liñas de investigación.

23



1912 | Nace a química orgánica Anna Jane Harrison. Estudou o fume tóxico durante a Segunda Guerra Mundial e contribuíu á investigación sobre a luz ultravioleta.

24



2013 | A raíña Isabel II do Reino Unido exonera ao matemático Alan Turing (1912-1954) dos cargos de «indecencia pública» por ter unha relación homosexual. Turing é un dos precursores da informática moderna.

25



2020 | Achan un depósito ritual con dous cascos prehistóricos de bronce nunha gruta de Cuevas (Asturias). Aínda que estes cascos están moi representados en imaxes artísticas, son moi raros de atopar.

26



1990 | Falece o enxeñeiro agrónomo Robert Jarrige. Os seus libros sobre principios de nutrición e alimentación de ruminantes son grandes referentes para a investigación e o traballo de campo nestas áreas.

27



1903 | Nace a farmacóloga Edith Bülbirng. Investigou a fisioloxía do músculo liso.

28



1895 | Wilhelm Röntgen fai público o descubrimento dos raios X. Non os patentou para que a sociedade puidese aproveitalos de forma gratuita. Tampouco quixo que levasen o seu nome.

29



1888 | Isaac Roberts fotografa a Gran Nebulosa de Andrómeda (anos despois, Hubble demostrará que é unha galaxia).

30



1837 | Nace a historiadora da música Marie Lipsius, coñecida como a Mara. Publicou numerosas biografías de músicos e editou a correspondencia de Franz Liszt.

31



1975 | Descubren o asteroide 1975 YD. A Unión Astronómica Internacional renomeouno Anadiego en honor a Ana Teresa Diego, estudante de astronomía detida e asasinada durante a ditadura argentina iniciada en 1976.



Naciones Unidas

Paz, dignidad e igualdade en un planeta sano



EVENTO DO MES

## ANO INTERNACIONAL DO MILLO MIÚDO

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou 2023 o **Ano Internacional do Millo Miúdo**. Ante as desigualdades estruturais que sofre a poboación mundial e mentres se reduce esta fenda con medidas políticas, o Programa Mundial de Alimentos promove a colleita deste cereal nos países con meirande índice de pobreza e contornos climáticos adversos. Elixíuse o millo miúdo (ou painzo) por mor dos beneficios nutricionais do gran e a capacidade do cultivo para resistir altas temperaturas e secas, así como a súa diversidade xenética e capacidade de adaptación a diversos medios. É unha medida máis para facer fronte á desigualdade económico-social-ambiental e máis á crise climática, ben como para promover a seguridade alimentaria.

<https://www.un.org/en/observances/international-years>

XANEIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

FEBREIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

MARZO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

ABRIL						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

MAIO						
L	M	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

XUÑO						
L	M	Mé	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

XULLO						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

AGOSTO						
L	M	Mé	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

SETEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23/30	24	25	26	27	28	29

OUTUBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

NOVEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

DECEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23/30	24/31	25	26	27	28	29



A realización deste calendario foi posible grazas ao apoio económico de:



Ademais da colaboración de:



Un agradecemento especial á Axencia SINC por ser unha excelente fonte de información. A todas as persoas que participaron na recompilación, revisión e tradución de efemérides, moitas grazas! Atopa a guía didáctica con ideas para o traballo na aula en: <http://www.igm.ule-csic.es/calendario-cientifico>